

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 31.05.2018      Hora: 16:00

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 31 de maio de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Preguntas**

- 1.1 30208 (10/POC-004805)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á vulneración pola CRTVG do dereito á folga dun sindicato convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia acontecida o día 8 de marzo de 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018*
- 1.2 30469 (10/POC-004832)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre os cambios que vai introducir a CRTVG na programación, así como na estrutura territorial da radio e televisión públicas, as razóns deses cambios e a incidencia que van ter na produción propia da corporación e no seu cadro de persoal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*
- 1.3 30478 (10/POC-004834)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a situación na que se atopa a aprobación do protocolo de prevención e intervención fronte ao acoso sexual na CRTVG anunciado polo director xeral da compañía en sede parlamentaria, a presentación da proposta á parte social e as medidas inseridas nel, así como o procedemento previsto para a súa difusión  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*
- 1.4 30716 (10/POC-004859)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as previsións da CRTVG referidas á ampliación da oferta de contidos en galego para a poboación infantil e xuvenil, a posta en marcha dalgunha estratexia específica centrada na franxa de maior audiencia e a mellora do atractivo da APP do Xabarán, así como o impulso, xunto coas consellerías de Política Social e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de programas de achegamento á lingua para os nenos de 0 a 3 anos e de

material divulgativo para potenciar a súa transmisión interxeracional  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*

- 1.5 30780 (10/POC-004871)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula  
Sobre as razóns dos cambios anunciados na programación da CRTVG e da supresión das desconexións locais dos servizos informativos, así como os criterios seguidos para suspender a emisión do programa Diario Cultural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*
- 1.6 30880 (10/POC-004886)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela  
Sobre as razóns da práctica desaparición do programa "Diario cultural" da programación da Radio Galega, anunciada para a tempada 2018-2019, a súa posible incidencia na audiencia desa emisora e as intencións referidas á supresión das actuais desconexións locais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018*
- 1.7 30898 (10/POC-004887)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre as novidades que vai presentar a programación da Radio Galega a partir do mes de setembro de 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/05/2018 16:58:54**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.1        30208(10/POC-004805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á vulneración pola CRTVG do dereito á folga dun sindicato convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia acontecida o día 8 de marzo de 2018

*Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018*



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 8 de marzo celebrouse no noso país unha folga convocada polas organizacións sindicais, ben de paros parciais ou ben de 24 horas, que tivo como principal demandada alcanzar a igualdade real das mulleres no ámbito laboral. En concreto o sindicato CUT foi o único que a nivel Galicia convocou a folga xeral de 24 horas (de 00,00 a 24.00 horas do día 8 de marzo).

O 7 de marzo publicouse no DOG o *Decreto 26/2018 do 1 de marzo polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2018*, incluíndose dentro desa regulación de servizos mínimos a relativa á Corporación de Radio e Televisión de Galicia. A CRTVG remitiu á Xunta de Galicia a relación de servizos mínimos, coa relación nominal dos traballadores, que incluían tanto homes como mulleres, para a realización dos devanditos servizos. Na devandita relación non se consideraba como servizo mínimo esencial o programa Galicia Noticias Mediodía, nin se incluía á presentadora do mesmo. A pesares do cal o día da folga mantívose a emisión do programa, e substituíuse á súa presentadora habitual.

Por estes feitos, o sindicato CUT presentou o 9 de marzo de 2018 demanda de tutela de dereitos fundamentais e indemnización de danos e prexuízos contra a CRTVG na que solicitaba a declaración de vulneración do dereito á folga da CUT, ao ter minorizado deliberadamente a empresa o efecto da folga mediante a esquirolaxe interna ou substitución de traballadora.

Nunha sentenza ditada polo TSXG este 26 de abril, o tribunal acredita que, existiu unha “vulneración do dereito á folga da CUT como central



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia, ao ter minorizado a empresa o efecto da folga mediante a substitución dunha traballadora folguista”. Declara ademais “nula a decisión empresarial de substituír á traballadora e manter a emisión do programa Galicia Noticias Mediodía”. Condena á CRTVG a abonar ao sindicato unha indemnización de danos e prexuízos por importe de 15.625,50 euros). Contra a resolución ambas partes poderán interpoñer Recurso de Casación ante o Tribunal Supremo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza do TSXG do 26 de abril, que condena a compañía por vulneración do dereito á folga?
2. Considera a CRTVG que as accións que desenvolveu o 8 de marzo e os días previos, respectaron o dereito á folga dos e das traballadoras da compañía?
3. Por que motivos, a pesares de que a CRTVG non considerou como servizo mínimo esencial o programa Galicia Noticias Mediodía, nin se incluía á presentadora do mesmo, mantívose a emisión do programa, e substituíuse á súa presentadora habitual?
4. Ten previsto a CRTVG recorrer ante o Tribunal Supremo a sentenza do TSXG do 26 de abril, que condena á compañía por vulneración do dereito á folga?
5. En caso afirmativo, cales son os motivos polos que vai presentar recurso a esta sentenza?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/04/2018 11:48**  
**Nº Rexistro: 30208**  
Data envío: 30/04/2018 11:48:30.154



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/04/2018 11:47:13**

**María Luisa Pierres López na data 30/04/2018 11:47:19**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/04/2018 11:47:24**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.2        30469(10/POC-004832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os cambios que vai introducir a CRTVG na programación,  
así como na estrutura territorial da radio e televisión  
públicas, as razóns deses cambios e a incidencia que van ter  
na produción propia da corporación e no seu cadro de persoal

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2018 09:30  
Nº Rexistro: 30469  
Data envío: 03/05/2018 18:31:28.970

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre as mudanzas que prevé introducir a dirección da CRTVG na radio e televisión públicas de Galiza.

Desde este grupo parlamentar tense preguntado á Dirección Xeral da CRTVG, con motivo das mudanzas introducidas no organigrama da Corporación a mediados de 2017, se esas novidades suporían tamén mudanzas na programación e, sen maior detalle, afirmouse que si.

Cómpre lembrar que as devanditas preguntas foron formuladas na sesión do 14.07.2017 (POC 10387).

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de seguimento da CRTVG:

- Vai introducir a CRTVG cambios na programación da radio e televisión públicas?
- En caso afirmativo, cales serán eses cambios e de que maneira afectarán, de ser o caso, á produción propia da Corporación?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2018 09:30  
Nº Rexistro: 30469  
Data envío: 03/05/2018 18:31:28.970

- Tendo en conta o anterior, cales son as razóns polas que se procede a introducir esas mudanzas?
- Está a valorar a CRTVG mudar a estrutura territorial da radio e a televisión públicas, concretamente no referido ás localidades?
- De ser así, cales serán eses cambios e de que maneira atinxirán o cadro de persoal?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 18:31:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 18:31:04**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 30469**

Data envío: 03/05/2018 18:31:28.970

**Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 18:31:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 18:31:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 18:31:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 18:31:10**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.3        30478(10/POC-004834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a aprobación do protocolo de prevención e intervención fronte ao acoso sexual na CRTVG anunciado polo director xeral da compañía en sede parlamentaria, a presentación da proposta á parte social e as medidas inseridas nel, así como o procedemento previsto para a súa difusión

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2018 10:07  
Nº Rexistro: 30478  
Data envío: 04/05/2018 10:07:29.315

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre o protocolo de prevención e intervención fronte ao acoso sexual na CRTVG anunciado polo Director xeral en sesión parlamentaria.

O 23 de marzo de 2018 o Director Xeral da CRTVG compareceu na Comisión de seguimento da CRTVG a petición dos grupos parlamentares da oposición, entre eles o BNG, para dar conta das actuacións adoptadas despois de se ter denunciado pública e xudicialmente un caso de acoso sexual no marco dun programa contratado pola TVG.

A preguntas do Bloque Nacionalista Galego a Dirección Xeral tamén recoñeceu que se tiña constancia dun outro caso de acoso, nesta ocasión, no propio cadro de persoal da Corporación.

Durante a comparecencia, non se explicou cal era o contido e alcance do borrador no que traballaba a Corporación polo que formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Aprobou xa o Consello de Administración o Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2018 10:07  
Nº Rexistro: 30478

Data envío: 04/05/2018 10:07:29.315

- Presentou ou pensa presentar á parte social a proposta?
- Cales son as medidas que inclúe o protocolo a respecto da prevención e da intervención fronte ao acoso sexual e por razón de sexo?
- De que maneira o van difundir e dar a coñecer?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2018 10:06:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2018 10:06:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2018 10:06:33**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2018 10:07**  
**Nº Rexistro: 30478**

Data envío: 04/05/2018 10:07:29.315

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2018 10:06:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2018 10:06:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2018 10:06:39**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.4        30716(10/POC-004859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións da CRTVG referidas á ampliación da oferta de contidos en galego para a poboación infantil e xuvenil, a posta en marcha dalgunha estratexia específica centrada na franxa de maior audiencia e a mellora do atractivo da APP do Xabarín, así como o impulso, xunto coas consellerías de Política Social e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de programas de achegamento á lingua para os nenos de 0 a 3 anos e de material divulgativo para potenciar a súa transmisión interxeracional

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Vero e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos (...) potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

De acordo coa Constitución Española e co Estatuto de Autonomía de Galicia, para a normalización do galego como lingua propia do noso País, apróbase a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, que dedica o seu Título IV ao “uso do galego nos medios de comunicación”, establecendo que o galego será a lingua usual na CRTVG e que no seu artigo 19 establece que “o Goberno galego prestará apoio económico e material aos medios de comunicación que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo”.

A Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia establece como un dos principios inspiradores a “promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia”, tendo un papel esencial na normalización da lingua propia do País.

Así, o papel da CRTVG é fundamental para a normalización da lingua, máis nun contexto de falta de medios en galego.



A presenza do galego nos medios de comunicación é moi minoritaria en Galiza. O castelán é o idioma predominante para ver televisión (80%), ler a prensa impresa (96%) ou escoitar a radio (84 %) en Galiza, aínda que nunha enquisa do IGE de 2014, máis da metade das persoas entrevistadas reclaman unha maior presenza e contidos en galego na televisión, radio, internet e máis produción cultural en galego.

As axudas da Xunta a medios discriminan precisamente aos que empregan a lingua galega; en 2017, as subvencións para medios integramente en galego ascenderon a 197.000 €, mentres que as destinadas a empresas xornalísticas e de radiofusión suman 1,6 millóns, cando os medios en castelán – subvencionados – apenas lle reservan un 8% dos seus espazos ao galego.

A RTVE reduciu as súas emisións en galego, coa eliminación última do galego na emisión do Tempo na TVE.

O Orzamento para dobraxes da CRTVG reduciuse drasticamente dende os 4,5 millóns de euros no 2008 a 1,8 en 2015, o que motiva que os contidos dobrados actuais sexan mínimos. Esta redución provocou unha grave crise de emprego no sector da dobraxe en Galiza, manténdose só activos precariamente 9 dos 12 estudos que existían nos anos 90.

A dobraxe de series e películas actuais é fundamental para a normalización da lingua, dado que se visualiza o uso da lingua minorizada en contextos nos que habitualmente non se emprega. Tal e como sinala o Instituto da Lingua Galega “no momento actual, sería imprescindible non só manter, senón mesmo reforzar, as actividades da dobraxe, as que consideramos estratéxicas para dotar de visibilidade á nosa lingua nun contexto que vive un acelerado proceso de



transformación”. Tamén a Real Academia Galega sinala que “o labor dos equipos de dobraxe galegos é fundamental para a consolidación dun estándar correcto”.

Nos Orzamentos de 2015 da Compañía RTVG, recoñecíanse como compromisos de gastos de explotacións, para a dobraxe, 2,4 m € para os anos 2016, 2017 e 2018. Os Orzamentos de 2016 fixaron os mesmos para o 2017 en 1,8 m €, 2 m € para o 2018 e 2,4 en 2019. Os Orzamentos de 2017 fixaban para 2018 1,8 m €, 1,7 en 2018 e 1,7 m € en 2020. Os Orzamentos de 2018 sinalaban para o ano 2019, 1,6 m € e 1,4 m € para 2020 e outros tantos para 2021.

Segundo datos ofrecidos pola propia CRTVG a En Marea, a audiencia da TVG entre a poboación infantil en Galiza é mínima. Habendo, segundo a propia Corporación, 202.000 persoas entre 4 e 12 anos e 261.000 entre 13 e 24 (2017), consumen televisión 19.000 na primeira franxa e 22.000 na segunda; destas, as crianzas e persoas mozas que ven a TVG son mil en cada grupo. Ademais, a franxa de maior audiencia de crianzas en Galiza é dende as 20:30h ata medianoite, cando un de cada catro menores de 4 a 12 anos está vendo a televisión.

En febreiro de 2018, a Mesa pola Normalización Lingüística elaborou un informe sobre o uso do galego na programación infantil televisiva. Dito estudo sinala que “a programación infantil en galego só está presente na segunda canle da Televisión de Galiza. Porén, non ten unha programación íntegra destinada aos máis pequenos e pequenas senón que inclúe outra clase de contidos, dedicándolle tan só un 41,70% do tempo de emisión nos días laborábeis e un 24,3% na fin de semana. Desde que o clube Xabarín se pasou á segunda canle, abárcase máis franxa horaria que cando se emitía na primeira: antes de que as crianzas vaian á escola (07.00-10.30), á hora de xantar (12.55-15.00) e pola tarde (17.05-21.30).



Nas fins de semana só hai emisións infantís polas mañás: sábados de 07.00 a 14.40 e domingos de 07.55 a 11.55. Actualmente, a TVG2 emite 61 horas e 40 minutos semanais.” Ademais, en comparación coa oferta en castelán, “No total de programación diaria infantil, tan só o 4,6% se oferta en galego nos días laborábeis e o 2,7% na fin de semana.”

Por outra parte, destácase no estudo que a aplicación da TVG, Xabarín TVG, só conta coa opción de ver os contidos das series que emiten e o control parental por franxas de idade.

En canto ao apoio ao cinema galego, que a CRTVG ten obriga de materializar, fállase na difusión e distribución.

A CRTVG excluíu a lingua galega das accións formativas de cara á adaptación ao modelo de produción audiovisual.

A sección da CIG da CRTVG alertou de cortes na programación de produción propia, entre a que se incluírían programas como as desconexións informativas provinciais, o Diario Cultural ou o Xabarín Club.

A última Enquisa sobre uso do galego do IGE, de 2013, sinala que só o 18,35% das crianzas entre 5 e 14 anos aprenderon a falar só en galego, facéndoo o 31,46% nas dúas linguas oficiais. Estes datos supoñen un acelerado descenso (de 14 puntos) a respecto dos datos da mesma fonte no ano 2003, cando o 32,43% das crianzas aprenderan a falar en galego, o 20,48% nas dúas linguas.

O Seminario de Sociolingüística da RAG, con motivo do Día Internacional da Lingua Materna, 21 de febreiro de 2018, difundiu o estudo Lingua e Sociedade en Galicia, Resumo de resultados 1992-2016, no que alerta da "crecente ruptura



da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos." Analizando as tendencias, a conclusión é que está en risco a transmisión interxeracional do galego, pois o estudo sinala que as xeracións máis novas están xa protagonizando "un proceso acelerado de monolingüización en castelán, a un ritmo que non prevían os resultados de estudos demolingüísticos previos."

Polo exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Vai a CRTVG ampliar a oferta de contidos para a poboación infantil e xuvenil? Ten previsto algunha estratexia específica centrada na franxa de maior audiencia?
- 2.ª) Vai mellorar a CRTVG o atractivo da APP do Xabarín?
- 3.ª) Vai a CRTVG impulsar, xunto coa Consellería de Política Social e á de Educación e Cultura, programas de achegamento á lingua por parte da infancia de 0 a 3 anos?
- 4.ª) Vai a CRTVG impulsar, de acordo coa Xunta, material divulgativo para potenciar a transmisión interxeracional da lingua?
- 5.ª) Parécelle que a CRTVG está a cumprir o seu papel normalizador da lingua galega?
- 6.ª) Por que a CRTVG recortou o apoio á dobraxe?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 30716**  
Data envío: 08/05/2018 19:45:18.717



7.<sup>a</sup>) Cal foi o gasto real en dobraxe e subtitulacións da TVG no ano 2017? De dito gasto, que parte corresponde a gastos para dobraxe de novos produtos e que parte a gastos derivados da remisión de produtos xa dobrados?

8.<sup>a</sup>) Ten intención a CRTVG de aplicar recortes na programación de produción propia? Cales e en que data?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 08/05/2018 19:43:39**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/05/2018 19:43:49**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.5        30780(10/POC-004871)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns dos cambios anunciados na programación da CRTVG e da supresión das desconexións locais dos servizos informativos, así como os criterios seguidos para suspender a emisión do programa Diario Cultural

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.**

Recibimos con incredulidade e perplexidade as novas nas que se anuncian cambios na programación da CRTVG e de que varios programas culturais ían “cambiar de formato”. Entre eles deixará de emitirse o DIARIO CULTURAL que dirixe a poeta, xornalista e académica Ana Romaní.

A Radio Galega deixará de emitir o Diario Cultural. O espazo conducido con altísimo nivel por Ana Romaní, desaparece no seu formato actual e os seus contidos diluiranse noutros programas, pero sen contar coa franxa horaria propia nin a independencia coa que goza agora. Será a partir do 10 de setembro cando se confirmen estes cambios, na data na que dará comezo a programación tras o verán da nova tempada, que foi presentada este martes ao comité intercentros da CRTVG.

O que se prevé é “facer transversal” o programa e integralo noutros programas. Dende a CRTVG, deféndese que este cambio supón unha aposta pola cultura ao incrementarse as horas de emisión diaria sobre este ámbito, que pasarían de 50 minutos a 100, aínda que segregados en varias franxas e en diferentes espazos, ademais de engadir unha oferta cultural na fin de semana, cunha franxa de media hora e outra de tres cuartos que non existía. Non semella congruente “diluír” algo que está consolidado e ten recoñecemento social e premios que así o avalan.



Non se entende que un programa que é referente cultural non só polo seu alto grao de fidelización, senón que é un espazo histórico con 28 anos de emisión, dirixido con excelencia por unha profesional que pasará a ser unha traballadora máis da emisora, perdendo a coordinación dun programa emblemático que tanta falta fai á nosa Cultura. A cidadanía ten dereito a reclamar que este espazo que nos nutre e que nos fai sentir que a Radio pública cumpre o servizo necesario, plural e dá cabida a "todas as artes e propostas dos/as creadores galegos".

É inconcibible que o programa máis importante de cultura desapareza e se comunique que vai dispoñer de máis xornalistas asignados a el e vaise crear na internet unha plataforma específica do Diario Cultural que estaría xestionada por algún profesional da CRTVG, cando o congruente sería incrementar e potenciar o equipo que funciona cun altísimo nivel de produción, dirección e que atende á perfección as demandas informativas, críticas e creativas da cidadanía.

Entre os múltiples cambios que se anunciaron na programación destaca outro que está a ser moi criticado por varios dos representantes dos traballadores no comité intercentros: a supresión das desconexións locais dos servizos informativos. Segunda a CRTVG, esta información local diluirase tamén en bloques integrados dentro doutros espazos como os magazines. Para os representantes dos traballadores/as trátase dunha "manobra sen precedentes para controlar a información e manipulala para servir aos intereses do PP, a escasos meses das citas electorais.

Os argumentos da compañía para a desaparición destas desconexións locais son os dunha maior operatividade e o uso do persoal dispoñible para a elaboración de máis reportaxes. Xa que logo, as referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local desaparecen e as novas máis relevantes de cada área ou localidade incorporaranse ao conxunto dos informativos.



“Na súa ambición por controlar os medios públicos para manterse no poder, van acabar con eles, forzando a desafección total do pobo galego”. Claro que non podemos toleralo. Non hai xustificación defendible. Neste sentido O Comité Intercentros denuncia que coa supresión desas conexións aumentará aínda máis a manipulación informativa, cuxos contidos pasarán a ser controlados e seleccionados desde a central de San Marcos, fundamentalmente polo responsable dos informativos da radio, Alejandro López Carballeira xunto a Tania Fernández Lombao, , máxima responsable de programas da emisora.

Por todo iso, EN MAREA, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que criterios empregan para “diluír” un programa como o Diario Cultural que está fidelizado, consolidado e multipremiado?
- Por que suprimir as desconexións locais dos servizos informativos?
- Como xustifican a perda de referencias horarias que os oíntes tiñan para a información local?
- A que responden estes cambios tan bruscos?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/05/2018 17:08:08**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/05/2018 17:09**  
**Nº Rexistro: 30780**  
Data envío: 09/05/2018 17:09:25.685

**Paula Vázquez Verao na data 09/05/2018 17:08:16**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.6        30880(10/POC-004886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as razóns da práctica desaparición do programa "Diario cultural" da programación da Radio Galega, anunciada para a tempada 2018-2019, a súa posible incidencia na audiencia desa emisora e as intencións referidas á supresión das actuais desconexións locais

*Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O pasado martes, 8 de maio de 2018, responsables da dirección da Radio Galega comunicáronlle á representación sindical e ó Consello de Administración da Corporación RTVG un avance da programación da emisora pública autonómica para a tempada 2018/2019, que comezará no próximo mes de setembro.

Aínda que podemos coincidir na necesidade de cambios na RG, dadas as preocupantes cifras de audiencia da emisora pública, queremos saber os porqués de determinados cambios que se deducen da programación presentada.

Tamén, o avance da programación feito polos directivos da RG contempla un novo enfoque no tratamento da información local. Aínda que nos textos entregados e na intranet da Corporación non se fala do asunto, todo indica que se producirán cambios nas desconexións para os informativos locais.

Polas razóns expostas o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o porque da práctica desaparición no seu formato actual do programa “Diario Cultural”, un referente na información cultural en Galicia desde a súa creación hai 28 anos?

2ª) Perdeu a nova dirección da RG a confianza na actual directora, presentadora e “alma mater” do programa, Ana Romani, poeta e académica numeraria da RAG?

3ª) Non cren que o que poderíamos denominar “proceso de descafeinado” do “Diario Cultural”, repartindo os seus contidos ó longo da programación e perdendo por tanto unha referencia horaria, vai afectar á audiencia da RG?

4ª) É certo que van suprimir as actuais desconexións locais, que permiten unha información de proximidade imprescindible para a audiencia da Radio Galega?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 10:20  
Nº Rexistro: 30880  
Data envío: 14/05/2018 10:20:02.630



---

**Grupo Parlamentario**

5ª) Esa posible supresión é un novo paso adiante na estratexia de redución e eliminación da información local da actual dirección da Corporación RTVG, que comezou no ano 2010 pechando as delegacións de Pontevedra, Ferrol e Burela?

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

6ª) A hipotética supresión das citadas desconexións, que permite unha maior centralización e control da información local, ten algo que ver coas próximas eleccións municipais, previstas para o ano 2019?

Pazo do Parlamento, 14 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/05/2018 10:17:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/05/2018 10:17:42**



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 31.05.2018                      Hora: 16:00

Orde do día

1.7        30898(10/POC-004887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as novidades que vai presentar a programación da Radio  
Galega a partir do mes de setembro de 2018

*Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 14/05/2018 12:25  
**Nº Rexistro: 30898**  
Data envío: 14/05/2018 12:25:49.036

## Á Mesa do Parlamento

**Raque Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da Corporación da CRTVG**.

A Radio Galega estreará o vindeiro mes de setembro unha nova programación segundo se desprende dos anuncios realizados recentemente dende a propia dirección da CRTVG.

Así, entre outros cambios, está previsto incrementar o tempo dedicado ao deporte, á cultura e aos informativos. Espazos estes últimos moi valorados pola audiencia en todas as súas franxa horarias, como así se acredita coas cotas de seguimento e fidelidade acadadas nos últimos meses recollidas polo Estudio Xeral de Medios.

Un respaldo que pode ampliarse a toda a programación do ente xa que, de feito, no cómputo xeral, a Radio Galega mantense como a radio pública preferida polos galegos, con 124.000 oíntes en toda a semana; cifra que se incrementa ata os 135.000 se o intervalo analizado é de luns a venres.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que novidades presentará a programación da Radio Galega a partir do vindeiro mes de setembro?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Raque Arias Rodríguez na data 14/05/2018 12:23:44**

**María Antón Vilasánchez na data 14/05/2018 12:23:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2018 12:25  
Nº Rexistro: 30898**  
Data envío: 14/05/2018 12:25:49.036

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 14/05/2018 12:24:01**

**Jaime Castiñeira Broz na data 14/05/2018 12:24:07**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 14/05/2018 12:24:17**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/05/2018 12:24:33**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 14/05/2018 12:24:50**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com